

TERESA GONZÁLEZ COSTA

Gañadora do XVII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e do III Manuel María de Literatura Dramática Infantil

Teresa González Costa (O Grove, 1975) licenciouse en Filoloxía Inglesa e Italiana pola Universidade de Santiago de Compostela, á vez que desenvolvía unha actividade teatral en paralelo con estadias longas en Italia e Francia, así como en Xenebra. Nesta cidade realiza as súas últimas actividades teatrais até o momento: cursos de dramaturxia focalizados na obra de Jean-Luc Lagarce e reportaxes sobre eventos teatrais para a radio. Tamén participa nunha produción da Comédie de Genève, como actriz, froito dun taller anual realizado por ese teatro.

Actriz, contacontos, ademais de docente, é autora de varias pezas de teatro, tanto para adultos como para rapaces, editadas por Edicións Fervenza e Edicións Laiovento. Foi finalista do Premio de Teatro Rafael Dieste en 2005 con *Alén das Brumas* e en 2004 é mención especial do xurado do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques por *Canun digas Narice*.

Aegri somnia, Bolboretas vermellas, Nesa fiestra non hai nada, Loft Stories, Miles de bocas e peixes e El sueño de Leila conforman a súa obra teatral inédita.

Sempre quixen bailar un tango

Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2008

"María, vou morrer". Manuel enfróntase á nova coa serenidade precisa para facer balance da súa vida. A súa filla mailo seu xenro móvense arredor del, alleos ao drama e excitados pola perspectiva dunha nova etapa da vida chea de proxectos. A única que pode oír a Manuel é María, a moza encargada da limpeza. María, a que xa non espera nada e a quen os soños a abandonaron antes de ela decatarse, quizais xeracións atrás. O absurdo da peza nace do desencontro abrupto entre os personaxes que viven no mesmo lugar, falándose sen escoitarse, xordos e cegos ás evidencias. Mais María sempre deixa unha porta aberta: será esa a única saída posible a tanta insensibilidade?

Pingueiras e Tarteiras

III Manuel María de literatura dramática infantil

No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do

Paraugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo -que outrora fora esplendoroso- daranlle cor a tanta monotonía. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras.

XOSÉ A. NEIRA CRUZ

Gañador do VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques

Xosé A. Neira Cruz naceu en Compostela en 1968. Escritor, xornalista e profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, deuse a coñecer como narrador en 1988, cando gañou o Premio Merlín. Desde entón, acadou outros galardóns: o Barco de Vapor en 1997 e 1999, o Merlín, que volveu gañar no ano 2000, o Premio Raíña Lupa, acadado no ano 2002 e o Premio Lazarillo, que lle foi outorgado en 2004 polo texto de teatro infantil *A noite da raíña Berenguela*. A súa obra foi tamén destacada con dous Premios Lecturas (concedidos polos lectores das bibliotecas galegas), e foi seleccionada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic para a Lista de White Ravens e polo Banco del Libro de Venezuela, que considerou en 2006 que a súa novela *O armiño dorme* era unha das dez mellores obras xuvenís do mundo publicadas nese ano.

Se ben a maior parte da súa obra sitúase na narrativa, tamén frecuentou o xénero teatral, tendo sido levadas a escena dúas obras da súa autoría, *Cando a noite cae*, representada pola compañía Teatro da Falúa en 2007 e merecente do 2º Premio "GZCrea" de teatro afeccionado da Xunta de Galicia, e *Valdemuller*, adaptada polo Centro Dramático Galego baixo a dirección de Pablo Vergne. No eido da poesía, foi galardoado en 2007 co Premio Fiz Vergara Vilariño pola obra *De esparto e seda* (Espirál Maior, 2008).

Á parte da súa faceta de creador, dedícase á investigación no ámbito do xornalismo e da literatura infantil, tendo sido convidado para impartir cursos e conferencias sobre o libro e a lectura en Alemaña, Brasil, Cuba, China, Sudáfrica, Colombia e Francia. Asemade, fundou a revista *Fadamorgana*, da que é director. Entre os anos 2000 e 2004 foi membro do comité executivo de IBBY e presidente do xurado internacional do Premio IBBY-Asahi Reading Promotion durante o período 2002-2004. Comisario de exposicións de relevo internacional, como a titulada *A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis* (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, outubro de 2004-xaneiro de 2005), director de varios cursos de verán da Universidade de Santiago e cofundador da compañía de teatro Bicodobrelo, Neira Cruz foi nomeado recentemente comisario do

32º Congreso Internacional de IBBY, que terá lugar en Santiago de Compostela no ano 2010.

Entre a súa bibliografía, hai que sinalar os seguintes títulos:

- *Ó outro lado do sumidoiro*. Premio Merlín 1988 (Xerais, 1989).
- *Valdemuller*. Premio O Barco de Vapor 1997 (SM, 1998). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- *Os ollos do tangaleirón*. Premio O Barco de Vapor 1999 (SM, 2000). Traducida ao castelán.
- *As cousas claras*. Premio Merlín 2000 (Xerais, 2000). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- *O armiño dorme*. Premio Raíña Lupa 2002; Lista de White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic; "Los mejores de 2006" do Banco del Libro de Venezuela (Galaxia, 2003). Traducida ao castelán, catalán e portugués. En curso as traducións ao francés, alemán e italiano.
- *A noite da raíña Berenguela*. Premio Lazarillo 2004 (Planeta-Oxford, 2005). Traducida ao castelán.
- *Son adoptada, e que?* Premio Lecturas 2005 (Galaxia, 2004). Traducida ao castelán, catalán, asturiano, vasco, aragonés e coreano.
- *Gatos e leóns* (Planeta-Oxford, 2006). Traducida ao castelán. En curso a tradución ao portugués e ao alemán.

O punto da escarola

Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques 2008 (modalidade de teatro para público infantil) 2008

O punto da escarola é un divertimento teatral para a infancia ideado para ser representado con monicreques e co concurso da música. De feito, o subtítulo da obra é *Titiríópera en tres actos composta polo Mestre Choupín para ser representada no Salón do Trono do Real Formigueiro da Horta*. Mordaz, caricaturesca, unha miga irreverente e chea de humorismo, a obra pretende ser unha homenaxe implícita á profesión de titiriteiro, ao tempo que bota man de personaxes e situacións conectadas co imaxinario infantil. A trama desenvólvese nun claro da horta, onde o Mestre Choupín, un saltón enxeñoso, músico diletante e titiriteiro da legua, anda á procura do punto final para a ópera que ha ter que representar en breve diante da Raíña no Salón do Trono do Real Formigueiro da Horta. Arredor deste punto de partida iranse enleando personaxes, situacións e parodias que atopan na ponte entre literatura e música a súa canle de expresión e a súa razón de ser.